



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESTE CONCELLO O DÍA VINTESEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL NOVE.

NÚM. 10/2009

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p>ALCALDE-PRESIDENTE D. José María García Rivera.</p> <p>CONCELLEIROS D. Xaime Cancio Rodríguez D^a Ana A. Incera Ares. D. Pedro M. Fernández Marful. D^a. Rosa Alonso Rodríguez. D. Ramón Sixto Legaspi (Concelleiro invitado)</p> <p><u>INTERVENTOR</u> D. Luis Ramón Vázquez Parga</p> <p>SECRETARIA D. M^a Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>Na Alcaldía da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:00 horas do día vinteseis de novembro de 2009, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos da Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	--

1. – APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATA 17-09-09 E 30-10-09.-

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes da Xunta de Goberno Local se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións celebradas o 17 de setembro de 2009 e 30 de outubro de 2009, e ao non producirse ningunha, quedan aprobadas por unanimidade as actas das devanditas sesións, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.-COMUNICACIÓN DAS AVOCACIÓNS REALIZADAS.-

Pola Presidencia dáse conta das avocacións realizadas das competencias delegadas en Xunta de Goberno Local por Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2007:

-Resolución Alcaldía de 21 de setembro de 2009 de avocación das competencias da Xunta de Goberno Local para concesión de licenza.

-Resolución Alcaldía de 19 de outubro de 2009 de avocación das competencias da Xunta de Goberno Local para concesión de licenza.

-Resolución Alcaldía de 20 de outubro de 2009 de avocación das competencias da Xunta de Goberno Local para aprobación de certificación de obra.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

-Resolución de Alcaldía de 19 de outubro de 2009 pola que se aprobaron e recoñeceron as obrigas fronte ao Concello de Foz correspondentes a facturas recollidas na seguinte táboa de obras incluídas no FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL:

NUMERO	DATA	TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
20091351	10/08/2009	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SL	CERTIFICACIÓN Nº 3 EQUIPAMENTO INFRAESTRUTURA BÁSICA DA RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE FOZ	19.800,36	432.63300
20091598	30/09/2009	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES SL	CERTIFICACIÓN Nº4 EQUIPAMENTO INFRAESTRUTURA BÁSICA DA RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE FOZ	36.516,62	432.63300
C/28/09	30/09/2009	OBRAS CIVÍSDA MARIÑA S.L.	CERTIFICACIÓN Nº 4 MELLORA DA REDE VIARIA MUNICIPAL DE FOZ	42.816,90	511.60114
C/29/09	30/09/2009	OBRAS CIVÍSDA MARIÑA S.L.	CERTIFICACIÓN Nº 4 MELLORA DA DRENAXE SUPERFICIAL DA REDE VIARIA MUNICIPAL DE FOZ	17.976,95	511.60112
C/30/09	30/09/2009	OBRAS CIVÍSDA MARIÑA S.L.	CERTIFICACIÓN Nº 5 RECUPERACIÓN DE BEIRARRÚAS SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS	10.827,65	511.61102

-Resolución de Alcaldía de 11 de novembro de 2009 pola que se aprobaron e recoñeceron as obrigas fronte ao Concello de Foz correspondentes a facturas recollidas na seguinte táboa de obras incluídas no FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL:

NUMERO	DATA	TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
C/31/09	31/10/2009	OBRAS CIVÍSDA MARIÑA S.L.	CERTIFICACIÓN Nº 5 E FINAL MELLORA DA REDE VIARIA MUNICIPAL DE FOZ	39.197,04	511.60114
C/32/09	31/10/2009	OBRAS CIVÍSDA MARIÑA S.L.	CERTIFICACIÓN Nº 5 MELLORA DA DRENAXE SUPERFICIAL DA REDE VIARIA MUNICIPAL DE FOZ	17.289,51	511.60112

-Resolución de Alcaldía de 18 de novembro de 2009 pola que se aprobaron e recoñeceron as obrigas fronte ao Concello de Foz correspondentes á realización de actividades relacionadas coa subvención concedida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o cofinanciamento do programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo nos concellos de Galicia para o ano 2009:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Nº FACTURA	TERCEIRO	DATA FACTURA	CONCEPTO	IMPORTE
09-0052	I.G. 10 SPORTS SL	16/09/2009	ACTIVIDADES EDUCATIVAS NO VERÁN 2009	6.150,00 €

3.-LICENZA URBANÍSTICA AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN PRAZA ROSALÍA DE CASTRO, 26- D. JOSÉ BELLO VÁZQUEZ.-

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia de D. JOSÉ BELLO VÁZQUEZ, con enderezo en Corbite nº 7-Abadín (Lugo), para ampliación de vivenda unifamiliar en Praza Rosalía de Castro nº 26 de Foz, segundo proxecto redactado pola Arquitecta D^a. Cristina Pérez Caserío.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 30 de outubro de 2009, obrante no expediente.

Visto o informe de Secretaria de data 25 de novembro de 2009, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxuício de terceiro e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder licenza de obras a D. JOSÉ BELLO VÁZQUEZ, para *ampliación de vivenda unifamiliar en Praza Rosalía de Castro nº 26 de Foz*, de acordo co establecido no informe do arquitecto municipal de data 30 de outubro de 2009. Deberá depositar antes do inicio da obra unha fianza de 1.413,00 € para responder dos posibles danos que a execución da obra poida ocasionar nos servizos e instalacións municipais.

Prazo de execución: O prazo de iniciación non poderá exceder de un mes e o de remate de 6 meses dende a data de outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a tres meses.

Promotor: D. José Bello Vázquez.

Técnico director da obra: D^a. Cristina Pérez Caserío-Arquitecto-Colexiado nº 3755.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento e á Tesourería Municipal para o ingreso do aval.

4.-LICENZA URBANÍSTICA LEGALIZACIÓN DE EDIFICIO ANEXO A VIVENDA EN VEIGA DAS AGRAS, VILLARONTE-D. AGUSTÍN FOLGUEIRA PEDREIRA.-

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia de D. AGUSTÍN FOLGUEIRA PEDREIRA, con enderezo en As Charelas nº 3-Villaronte-Foz, para legalización de edificio anexo a vivenda unifamiliar destinado a garaxe e trasteiro en Veiga das Agrads-Villaronte-Foz, segundo proxecto redactado pola Arquitecta D^a. M. Belén Rivas Baltar.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 18 de novembro de 2009, obrante no expediente.

Visto o informe de Secretaria de data 25 de novembro de 2009, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxuício de terceiro e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Primeiro.- Conceder a *legalización de edificio anexo a vivenda unifamiliar destinado a garaxe e trasteiro* en Veiga das Agrads-Villaronte-Foz, a D. AGUSTIN FOLGUEIRA PEDREIRA, de acordo co establecido no informe do arquitecto municipal de data 18 de novembro de 2009.

Prazo de execución: O prazo de iniciación non poderá exceder de un mes e o de remate de 6 meses dende a data de outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a tres meses.

Promotor: D. Agustín Folgueira Pedreira.

Técnico director da obra: D^a. M. Belén Rivas Baltar-Colexiado nº 2678.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

5.-LICENZA URBANÍSTICA MODIFICADO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN VEIGA DAS AGRAS-D. AGUSTIN FOLGUEIRA PEDREIRA.-

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia de D. AGUSTÍN FOLGUEIRA PEDREIRA, con enderezo en As Charelas nº 3-Villaronte-Foz, para modificado proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar en Veiga das Agrads-Villaronte-Foz, segundo proxecto redactado pola Arquitecta D^a. M. Belén Rivas Baltar.

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 18 de novembro de 2009, obrante no expediente.

Visto o informe de Secretaria de data 25 de novembro de 2009, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxuício de terceiro e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder licenza de obras *para modificado proxecto básico e de execución de vivenda unifamiliar* en Veiga das Agrads-Villaronte-Foz, da licenza concedida pola XGL de data 26/05/2006, a D. AGUSTIN FOLGUEIRA PEDREIRA, de acordo co establecido no informe do arquitecto municipal de data 18 de novembro de 2009.

Prazo de execución: O prazo de iniciación non poderá exceder de un mes e o de remate de 6 meses dende a data de outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a tres meses.

Promotor: D. Agustín Folgueira Pedreira.

Técnico director da obra: D^a. M. Belén Rivas Baltar-Colexiado nº 2678.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

6.-LICENZA URBANÍSTICA REHABILITACIÓN DE CASA REITORAL DE SAN MARTIÑO DE MONDOÑEDO 3ª FASE-DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO-CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO.-

Dada conta do expediente de licenza de obras tramitado a instancia da Consellería de Cultura e Turismo, para rehabilitación da Casa Reitoral de San Martiño de Mondoñedo 3ª Fase-Foz (Lugo), segundo proxecto redactado polo Arquitecto D. Juan Mario Crecente Maseda.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Visto o informe do Arquitecto Municipal de data 19 de novembro de 2009, obrante no expediente.

Visto o informe de Secretaria de data 25 de novembro de 2009, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, sen perxuício de terceiro e mellor dereito e a salvo o dereito de propiedade, e coas condicións que figuran no expediente, por unanimidade, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder licenza de obras *para rehabilitación da Casa Reitoral de San Martiño de Mondoñedo 3ª Fase-Foz (Lugo)*, de acordo co establecido no informe do arquitecto municipal de data 19 de novembro de 2009.

Promotor: Consellería de Cultura e Turismo-Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Técnico director da obra: D. Juan Mario Crecente Maseda-Arquitecto-Colexiado nº 1124.

Segundo.- Notificar o presente acordo á Consellería de Cultura e Turismo-Dirección Xeral do Patrimonio, para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo ao Departamento Municipal de Urbanismo para o seu control e seguimento.

7.-APROBACIÓN FACTURAS CORRESPONDENTES A GASTOS DE MÁIS DE 6.000 EUROS.-

Pola Presidencia dáse conta das facturas correspondentes a gastos de máis de 6.000 euros que obran no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, **A C O R D A:**

Aprobar as seguintes facturas que se relacionan:

Código Relación: 51 Descripción: FACTURAS A APROBAR XUNTA GBOERNO LOCAL 26/11/09

Reg	Fec. Reg.	Nº Factura	Fec. Fac.	Dni/Cif	Razón Social	Área	Importe	I.V.A	Dctos.	VB
15 54	14/07/2 009	AR272 001	15/06/2 009	B28262 822	ABM-REXEL, S.L.U		4 3	60.823 ,15	0,0 0	0,0 0
Concepto: ABM-REXEL, 29 CONJ.LIK 10M.C/AP101 Y 11 C.LINK BRA ZO FACH C/AP101. FAROLAS ALUMBRADO						Operación: n : ADO	Imp. Líquido: 60.823,15			
Domiciliación bancaria :										
Partidas Presupuetarias										
			432	60103	ALUMBRADOS Y ASFALTADOS.				60.823, 15	
16 74	31/07/2 009	112	09/07/2 009	B27172 386	SUMINISTROS VEIPA,S.L.		4 5	9.152, 40	0,0 0	0,0 0
Concepto: SUMINISTROS VEIPA, S.L. VESTUARIOS CAMPO DA CABANA .						Operación: n : ADO	Imp. Líquido: 9.152,40			
Domiciliación bancaria : BANCO PASTOR 0072 0211 19 0000202795										
Partidas Presupuetarias										
			452	682	EDIFICIOS Y OTRAS				9.152,4	



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

CONSTRUCCIONES										0
17	17/08/2	46/A/0	07/08/2	B27156	JESUS	4	49.627	0,0	0,0	
88	009	9	009	231	NARAY, S.L.	5	,07	0	0	
Concepto: JESUS NARAI, S.L. CERRE PERIMENTAL DA PISTA DE CAN GAS.					Operació	Imp. Líquido:				
Domiciliación bancaria : BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA 0182 0626 21 0101500461					n : ADO	49.627,07				
Partidas Presupuetarias										
452	63200				INVERSIÓN 2º FASE PECHE PISTA POLIDEPORTIVA CANGAS		49.627,		07	
CONSTRUCCI										
19	07/09/2	191	13/07/2	B27227	ONES	4	15.831	0,0	0,0	
17	009		009	388	CARFERLO,S. L. -C.F.L.-	5	,80	0	0	
Concepto: CONSTRUC. CARFERLO, S.L., DEMOLICON MURO EXIST. Y CONTR.MURO HORMIGON EN SAN MARTIÑO					Operació	Imp. Líquido:				
Domiciliación bancaria : CAJA AHORROS Y PENSIONES DE BA JUAN S. E 2100 4330 67 0200036289					n : ADO	15.831,80				
Partidas Presupuetarias										
451	682				EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES		15.831,		80	
21	09/10/2	58/A/0	07/10/2	B27156	JESUS	4	27.239	0,0	0,0	
60	009	9	009	231	NARAY, S.L.	5	,12	0	0	
Concepto: JEUS NARAY, S.L., CONSTRUCCION DE PISTA DEPORTIVA Y ADECUACION DE VESTUARIOS EN MARZAN.					Operació	Imp. Líquido:				
Domiciliación bancaria : BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA 0182 0626 21 0101500461					n : ADO	27.239,12				
Partidas Presupuetarias										
452	62204				CONSTRUCCION PISTA E ADECUACION VESTIARIOS PAVILLON		27.239,		12	
21	09/10/2	69	30/09/2	A78139	GESTION Y TECNICAS	4	33.756	0,0	0,0	
61	009		009	755	DEL AGUA - GESTAGUA-	4	,17	0	0	
Concepto: GESTAGUA, SEPTIEMBRE. PRESTACION SERVICIO DE DEPURACION					Operació	Imp. Líquido:				
Domiciliación bancaria : BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA 0182 2000 21 0103728500					n : ADO	33.756,17				
Partidas Presupuetarias										
441	22718				GESTION DO SERVICIO DEPURACION AUGAS. GESTAGUA		33.756,		17	
22	15/10/2	2009/2	30/09/2	A15379	SOGAMA,S.A.	4	20.105	0,0	0,0	
20	009	846	009	803		4	,28	0	0	
Concepto: SOGAMA, SEPTIEMBRE. TRATAMIENTO DE 367,71 TM. DE R .S.U. EN LA MINIPLANTA DE BARREIROS					Operació	Imp. Líquido:				
Domiciliación bancaria : CAIXA GALICIA 2091 0388 96 3040000495					n : ADO	20.105,28				



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

<u>Partidas Presupuetarias</u>									
442	22711				TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS. BASURERO			20.105,28	
22 38	15/10/2 009	281-09	13/10/2 009	B27194 521	LESDYN,S.L.	4 3	9.149,38	0,0 0	0,0 0
Concepto: LESDYN, S.L., INSTALAR ALUMBRADO PUBLICO EN MAÑENT E					Operación: ADO		Imp. Líquido: 9.149,38		
Domiciliación bancaria :									
<u>Partidas Presupuetarias</u>									
432	62300				INVERSIÓN REELECTRIFICACIÓN PUNTO LIMPO E CENTRO S			9.149,38	
23 33	02/11/2 009	1648	30/09/2 009	B80183 916	COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	4 3	9.669,18	0,0 0	0,0 0
Concepto: COMFICA MANTENIMIENTO Y CONSERVACION DE ALUMBRADO PUBLICO SEPTIEMBRE 2009					Operación: ADO		Imp. Líquido: 9.669,18		
Domiciliación bancaria : BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA 0182 5508 23 0109502245									
<u>Partidas Presupuetarias</u>									
432	213				REP. MAQUINARIA, INSTALACIONES Y UTILLAJE			9.669,18	
24 77	25/11/2 009	CF/1/0 9	25/11/2 009	B27248 525	OBRAS CIVIS DA MARIÑA, S.L.	5 1	78.663,63	0,0 0	0,0 0
Concepto: OBRAS CIVÍS DA MARIÑA, CERTIFICACION Nº1 OBRA PAVI MENTACION RUA CONSTITUCION					Operación: O		Imp. Líquido: 78.663,63		
Domiciliación bancaria : CAIXA GALICIA 2091 0109 87 3040017281									
<u>Partidas Presupuetarias</u>									
511	60116				PAVIMENTACIÓN E SERVICIOS RUA CONSTITUCIÓN			78.663,63	
Total Relación...		Imp. Presupuesto:		I.V.A.:	Dctos:	Imp. Líquido:			
		314.017,18		0,00	0,00	314.017,18			

8.-APROBACIÓN CONTAS XUSTIFICATIVAS.-

VISTA a conta xustificativa presentada por Don Xaime Cancio Rodríguez como Concelleiro de Cultura do Concello de Foz en relación coa orde de pagamento a xustificar por un importe de 18.560,00 euros para gastos derivados da actuación do grupo EFECTO MARIPOSA dentro das Festas San Lourenzo 2009 e o informe emitido polo Interventor municipal de data 20 de novembro de 2009 sobre dita conta xustificativa.

VISTA a conta xustificativa presentada por Don José María García Rivera como Alcalde do Concello de Foz en relación coa orde de pagamento a xustificar por un importe de 1.000,00 euros para gastos derivados da organización da FESTA DA MALLA 2009 e o informe con salvedades emitido polo Interventor municipal de data 20 de novembro de 2009 sobre dita conta xustificativa.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

VISTA a conta xustificativa presentada por Don José María García Rivera como Alcalde do Concello de Foz en relación coa orde de pagamento a xustificar por un importe de 1.000,00 euros para gastos derivados da viaxe institucional realizada a Laredo e Santurce os días 17, 18 e 19 de setembro deste ano e o informe con salvedades emitido polo Interventor municipal de data 20 de novembro de 2009 sobre dita conta xustificativa.

CONSIDERANDO o sinalado no artigo 190 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Base 24 das de Execución do Orzamento Xeral prorrogado do Concello de Foz para o exercicio 2009.

VISTAS as propostas de alcaldía en relación ás contas xustificativas A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, **A C O R D A:**

Primeiro. – Aprobar a conta xustificativa da Orde de pagamento a xustificar por un importe de 18.560,00 euros emitida a favor de Don Xaime Cancio Rodríguez como Concelleiro de Cultura do Concello de Foz, gastos derivados da actuación do grupo EFECTO MARIPOSA dentro das Festas San Lourenzo 2009, que consiste en

- Factura 008/09 de 08/08/2009 emitida por JUGGLEJAZ S.L. con CIF B 92279272 por un importe de 18.560,00 euros relativa a “ACTUACIÓN DEL GRUPO EFECTO MARIPOSA EN FOZ (LUGO) EL DÍA DE LA FECHA”, que cumpre en principio cos requisitos regulamentarios e na que consta o correspondente “recibín” asinado.

Segundo. – Aprobar a conta xustificativa da Orde de pagamento a xustificar por un importe de 816,25 euros emitida a favor de Don José María García Rivera, Alcalde- Presidente do Concello de Foz, con destino ao aboamento de gastos derivados da organización da FESTA DA MALLA 2009, que consiste en

1. Factura emitida por “DÚO LUNA”, por un importe de 615,00 euros, de data 22 de agosto de 2009, en concepto de “ACTUACIÓN NA MALLA EN SAN ACISCLO O DÍA 22 DE AGOSTO DE 2009”.
2. **Factura nº 150 emitida por JOSÉ RAMÓN PERNAS CANOURA con CIF 33.320.888 Y por un importe de 203,00 euros de data 30 de setembro de 2009 relativa a TRABALLOS REALIZADOS CON GRÚA para a colocación da maquinaria da malla.**

Terceiro. – Aprobar a conta xustificativa da Orde de pagamento a xustificar por un importe de 1.170,26,00 euros emitida a favor de Don José María García Rivera, Alcalde- Presidente do Concello de Foz, con destino ao aboamento de gastos derivados da viaxe institucional realizada a Laredo e Santurce os días 17, 18 e 19 de setembro, consistente nas facturas e liquidacións de dietas e gastos de desprazamentos que se recollen no expediente

Cuarto. – Dar por cumprida as obrigas marcadas para os perceptores destas ordes de pagamento de xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses dende a percepción dos correspondentes fondos.

Quinto.- Notifíquese a Intervención e a Tesourería.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 30 minutos do día 26 de novembro de 2009, do que como secretaria dou fe e certifico.

Vº Bº
O Alcalde,
Asdo.: José María García Rivera